

PLAN DE MODERNIZACIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN DO CENTRO

IES San Clemente

Santiago de Compostela

Galicia - Spain

Índice

[1.- Introducción](#)

[2.- Plurilingüismo](#)

[2.1.- Lingua galega](#)

[2.2.- Ciclos plurilingües \(Estrela PluriFP\) e Seccións bilingües](#)

[2.2.1.- Ciclos Plurilingües \(Estrela PluriFP\)](#)

[2.2.2.- Seccións bilingües](#)

[2.2.3.- Auxiliares de conversa](#)

[2.2.4.- Exames de lingua estranxeira](#)

[3.- Proxectos eTwinning e Erasmus+ KA2](#)

[3.1.- KA2](#)

[3.2.- eTwinning](#)

[4.- Mobilidades Erasmus+ KA103 e KA116](#)

[4.1.- Número de mobilidades](#)

[4.2.- Selección dos participantes](#)

[4.2.1.- Prazos de solicitude da bolsa](#)

[4.2.2.- Asignación das bolsas](#)

[4.2.3.- Criterios de selección de alumnado](#)

[4.2.4.- Criterios de selección de persoal:](#)

[4.3.- Exclusión](#)

[4.4.- Preparación lingüística](#)

[4.4.1.- Estadías en Portugal](#)

[4.4.2.- Estadías noutros países](#)

[4.5.- Titorías do alumnado](#)

[4.6.- Mobilidades do persoal](#)

[4.7.- Difusión](#)

[5.- Recoñecemento de competencias](#)

[5.1.- Certificado específico](#)

[Certificado expedido polo instituto, no que consta:](#)

[5.2.- Anexo ao título Europass](#)

[Certificado anexo ao título oficial, segundo formato normalizado "Europass", no que constarán:](#)

[5.3.- Certificación Europass Mobility](#)

[5.4.- Utilización de documentos Europass](#)

[6.- Colaboración con outros centros europeos](#)

[8.- Igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero](#)

[9.- Actualizacións do plan](#)

1.- Introducción

O IES San Clemente é un centro educativo de titularidade pública dedicado a impartir ensinanzas profesionais desde 1953.

Actualmente forma técnicos/as de nivel 3 e 5 da familia profesional Informática e Comunicación: Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes, Ciclo Superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede, Ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma e Ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Web, coas opcións de estudo presencial (réxime ordinario e tamén réxime modular) ou a distancia. Cabe indicar que o ciclo medio SMR non se ofrece en réxime presencial modular e tamén que está en marcha un proxecto de FP dual do ciclo superior DAW durante os cursos 2019/20 e 2020/21. Ademais, imparte educación secundaria para persoas adultas (ESA) e Bacharelato telemático nas modalidades de Artes, Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais.

No presente ano escolar (2019/20) conta con 71 profesores; personal non docente 11; alumnado de ciclos formativos de formación profesional: ensino presencial 375 e ensino a distancia 654, en total 1029. Alumnado de Bacharelato 1224 e de ESA 615. Número total de alumnado 2868.

O centro conta con experiencia na participación en programas europeos, concretamente nos seguintes:

- Mobilidades Erasmus desde 2009. Alumnado de ciclos superiores realizou a FCT en Irlanda e Alemaña.
- Mobilidades Leonardo da Vinci desde 2012. Alumnado de ciclo medio realizou a FCT en Portugal.
- Mobilidades Erasmus+ desde 2014.
 - Alumnado de ciclos medio e superiores realiza a FCT e prácticas extracurriculares en Portugal, Irlanda, Reino Unido, República Checa, Alemaña, Malta, Italia e Suecia (destinos a día de hoxe).
 - Mobilidades para estudos en Portugal para alumnos de ciclo medio.
 - Socio de envío para *job shadowing* de docentes: Irlanda e Portugal.
- Socio intermediario de mobilidades Leonardo da Vinci e Erasmus+ para socios alemáns, portugueses e italianos.
- Proxectos eTwinning desde 2009. O centro foi distinguido todos os anos con selos de calidade europeos, un premio nacional en España e dous premios internacionais.

Tamén conta con:

- Seccións bilingües en inglés e portugués desde o curso 2008/2009.
- Ciclos plurilingües en portugués no Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes desde o curso 2018/2019.
- Ciclos plurilingües en inglés no Ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma desde o curso 2019/2020.

Elaboramos o presente plan para contextualizar e coordinar as diferentes accións establecendo unha estratexia formal que contribúa á axenda de modernización e internacionalización da Unión Europea:

- Mellorar a calidade e importancia da educación superior e da Formación Profesional na UE e reforzala a través da mobilidade e cooperación entre países.
- Máis oportunidades para o alumnado de Formación Profesional e de educación superior, estudantes en prácticas e aprendices de realizar prácticas no estranxeiro para aumentar a empregabilidade e mellorar as súas expectativas laborais, facilitándolles a transición do ámbito da educación e a formación ó mercado laboral.
- Máis oportunidades para os profesores e o persoal non docente de realizar actividades de desenvolvemento profesional de cara a mellorar as súas competencias, aumentar a capacidade de modernizar as súas institucións e ampliar o seu coñecemento de prácticas, políticas e sistemas.
- Mellorar a xestión e a financiación.

2.- Plurilingüismo

2.1.- Lingua galega

No IES San Clemente, os módulos e materias impártense no idioma establecido na lexislación vixente. Para o resto dos módulos, aqueles para os cales a normativa non especifica o idioma que se ha de empregar, o centro procura que exista unha oferta equilibrada en galego e castelán que garante que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do IES San Clemente vén funcionando, nomeadamente dende a creación dos equipos de normalización lingüística, coa posta en práctica de proxectos e actividades que contemplan a dinamización lingüística e co desenvolvemento da cultura galega como principal eixo condutor.

O EDLG do IES San Clemente leva varios anos de traxectoria realizando múltiples actividades ao longo de todo o curso. Algunhas delas repítense anualmente con éxito. Tamén realiza actividades de promoción da cultura galega a nivel europeo utilizando a

plataforma eTwinning, como por exemplo, os proxectos Christmas Card Exchange e Letras Galegas.

2.2.- Ciclos plurilingües (Estrela PluriFP) e Seccións bilingües

Os obxectivos dos ciclos plurilingües e das seccións bilingües son:

- Fomentar a aprendizaxe de linguas estranxeiras, respondendo ás necesidades propias dun alumnado cada vez máis consciente da importancia de coñecer diferentes idiomas para mellorar o seu desenvolvemento persoal e profesional.
- Fomentar o interese e o respecto por outras culturas.
- Motivar o alumnado para o uso doutras linguas en módulos de informática, coa fin de acadaren unha maior competencia e desenvolvemento nas mesmas.
- Servir de preparación lingüística para a realización da FCT no estranxeiro no marco do programa Erasmus+.
- Adquirir vocabulario técnico relacionado coa futura carreira profesional do alumnado, que facilite a incorporación ao mercado laboral noutros países.

O centro fomenta:

- A creación e mantemento de ciclos plurilingües.
- O traballo en equipo dos membros dos ciclos plurilingües.
- A realización de actividades complementarias relacionadas co uso de linguas estranxeiras.
- A participación en proxectos europeos eTwinning.
- A mobilidade do alumnado para realización da FCT en países do ámbito da Unión Europea.
- A formación e certificación en linguas estranxeiras, tanto por parte do alumnado como do profesorado.

2.2.1.- Ciclos Plurilingües (Estrela PluriFP)

O alumnado dos ciclos plurilingües recibe unha formación coas seguintes características diferenciadoras:

-
- Como mínimo un módulo non lingüístico en lingua estranxeira, impartido por profesorado especialista na materia e con acreditación de nivel B2 ou superior no marco común europeo de referencia para as linguas na lingua obxecto do programa.
 - Reciben unha actividade formativa extracurricular de formación na lingua estranxeira correspondente, cunha carga lectiva semanal de dous períodos lectivos.
 - Reciben actividades complementarias de formación organizadas polo centro, como charlas, obradoiros, proxectos e actividades colaborativas integradas en eTwinning.
 - Realizan exames modelo para avaliar o seu nivel e progreso en lingua estranxeira e certifícanos con exames oficiais externos, coa axuda económica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A dirección do centro nomeará unha persoa como coordinadora dos ciclos formativos plurilingües en cada lingua estranxeira, por un período dun curso académico, que ten como principais funcións:

- Elaborar a programación das actividades complementarias de formación, coa colaboración do profesorado que imparta os módulos non lingüísticos en lingua estranxeira nos ciclos formativos plurilingües ou módulos lingüísticos en ciclos formativos.
- Elaborar a memoria de fin de curso.
- Xestionar as convocatorias de seguimento e de coordinación co profesorado indicado no primeiro punto e redactar acta dos temas tratados e dos acordos adoptados.
- Coordinarse co/coa responsable do equipo de dinamización lingüística do centro.
- Identificar as necesidades de formación permanente e trasladárllelas ás estruturas de formación, a través da dirección do centro.
- Dirixir e orientar o labor da persoa de apoio para a aprendizaxe do idioma dos ciclos formativos plurilingües, nativa no idioma.
- Promover a colaboración entre os centros que formen parte da Rede de centros con ciclos formativos plurilingües e da Rede de centros plurilingües, e con todas as persoas e os organismos que puidesen ofrecer colaboración.
- Realización dos exames modelo coa colaboración do profesorado CLIL e auxiliares de conversa e organización das probas de certificación oficiais.

2.2.2.- Seccións bilingües

As seccións bilingües están sendo substituídas progresivamente por ciclos Estrela PluriFP. Actualmente existen varias, impartidas nas dúas linguas cooficiais en Galicia e nas seguintes linguas estranxeiras:

- Portugués, por ser un idioma próximo, tanto dende o punto de vista lingüístico como xeográfico, o que favorece a súa rápida adquisición, utilizado en Portugal (país veciño, a onde se poden organizar facilmente visitas formativas, FCT, etc), en Brasil e en Angola (países cun mercado en alza, con grandes oportunidades para o sector TIC galego).
- Inglés, por ser na actualidade a lingua franca para comunicarse en calquera ámbito, tanto de tipo académico como profesional e/ou laboral. O coñecemento do inglés facilita as mobilidades a practicamente calquera país, e de maneira especial a aqueles que o teñen como lingua oficial, como son Irlanda e Reino Unido.

O alumnado de seccións bilingües recibe un período semanal de clase de reforzo da lingua estranxeira como ampliación do seu horario lectivo, impartida polo profesorado especialista de lingua estranxeira, cando os recursos do centro o permiten.

As seccións bilingües contan con profesorado coordinador que ten como funcións principais as seguintes:

- Coordinar as accións do equipo docente que forma parte da sección bilingüe, prestar apoio ao profesorado da área non lingüística e facer un seguimento do desenvolvemento do programa ao longo do curso.
- Participar na elaboración de materiais didácticos específicos xunto co equipo de docentes.
- Organizar e coordinar as actividades complementarias que contribúan a un coñecemento máis amplo da lingua estranxeira.
- Orientar e asesorar a persoa auxiliar de conversa.
- Convocar, presidir e levantar acta das reunións necesarias para o desenvolvemento da sección.

2.2.3.- Auxiliares de conversa

A presenza de auxiliares de conversa no centro é un elemento esencial para facilitar o proceso de ensino e de aprendizaxe de linguas estranxeiras. Achegan a voz nativa do seu país de orixe ao noso alumnado e apoian o labor do profesorado, posibilitando as prácticas de conversa en lingua estranxeira e representando un auténtico vehículo de achegamento á cultura dos países onde se fala a lingua obxecto de estudo.

No IES San Clemente disfrutamos do apoio de dúas persoas auxiliares de conversa, unha en portugués e outra en inglés.

As súas principais funcións son:

- Posibilitar a práctica da conversa oral na lingua estranxeira obxecto de estudo do alumnado.
- Achegar o alumnado e o profesorado á cultura do país onde se fala a lingua estranxeira, mediante a presentación de temas de actualidade e actividades lúdicas.
- Proporcionar un modelo de corrección fonética e gramatical na lingua estranxeira correspondente.
- Colaborar co profesorado na elaboración de materias didácticos na lingua estranxeira correspondente.
- Colaborar nas actividades e nos proxectos internacionais en que participe o centro.
- Apoiar o alumnado cos medios informáticos ou audiovisuais necesarios para a mellora da lingua oral.
- Calquera outra relacionada coa lingua estranxeira obxecto de estudo, que lle sexa encomendada pola Consellería de Educación.
- Participar nas reunións de coordinación.
- Organizar actividades relacionadas coa cultura do país de procedencia, facendo partícipes das mesmas ao alumnado da sección e á comunidade educativa.
- Participar en todas aquelas actividades do centro que sexan básicas para a súa integración no mesmo e que faciliten a súa aproximación á cultura galega.

2.2.4.- Exames de lingua estranxeira

O centro promove que o alumnado obteña certificacións oficiais en lingua estranxeira.

Informarase ao alumnado que recibe clases de lingua estranxeira (inglés ou portugués) acerca de cal é o seu nivel de coñecementos da mesma.

Con esta finalidade ofreceráselle a oportunidade de realizar unha simulación de proba oficial de certificación do nivel que o profesorado de lingua estranxeira lle recomende.

Indicaráselles o nivel de lingua estranxeira CEFRL (Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas) que deben preparar para obter a certificación oficial.

3.- Proxectos eTwinning e Erasmus+ KA2

Erasmus+ contribúe ás estratexias da Comisión Europea que impulsan o crecemento, o emprego, a xustiza social e a inclusión, e aos obxectivos do marco estratéxico para a cooperación europea no ámbito da educación e a formación.

O centro facilita a participación nas diferentes accións do programa Erasmus+, entre elas as relacionadas con eTwinning.

3.1.- KA2

A acción chave 2 de Erasmus+ permite crear asociacións estratéxicas que promovan a innovación na educación, a formación e a xuventude e iniciativas conxuntas de fomento da cooperación, a aprendizaxe entre iguais e o intercambio de experiencia.

3.2.- eTwinning

eTwinning é a plataforma online de referencia para KA2 e aparece nos criterios de avaliación das candidaturas desta acción. Tamén é posible participar en proxectos desta comunidade sen dispor dun KA2 activo.

O obxectivo principal do centro relacionado co programa eTwinning é apoiar o desenvolvemento de contidos, servizos, pedagogías e prácticas de aprendizaxe innovadoras e baseadas nas TIC coa fin de crear un sentimento de pertenza á Unión Europea.

A plataforma eTwinning serve ademais para dar soporte a outras accións como, por exemplo:

- Os ciclos plurilingües e as seccións bilingües: creando proxectos que permiten a interacción con alumnado doutros países utilizando a lingua estranxeira vehicular dos módulos CLIL.
- Formación en Centros de Traballo (FCT) no estranxeiro: utilizando un TwinSpace para xestionar a mobilidade e rexistrar as titorías.
- Dinamización da lingua galega: co emprego da mesma en todos os proxectos realizados a nivel europeo.

O centro facilita e fomenta a participación do profesorado en proxectos eTwinning:

- Relacionados co módulo que imparte (podendo implantar ou non a metodoloxía de “aprendizaxe baseada en proxectos”). Neste caso o obxectivo son os resultados da aprendizaxe relacionados co módulo ou materia.

- Relacionados cos ciclos plurilingües e seccións bilingües. Neste caso o obxectivo tamén é a competencia en lingua estranxeira.
- Relacionados coas mobilidades KA1, utilizando proxectos eTwinning para levar a cabo a xestión e titorías das mesmas.

4.- Mobilidades Erasmus+ KA103 e KA116

O centro promove a participación nos programas Erasmus+ KA116 (para ciclo medio) e KA103 (para ciclos superiores) considerándoos un bo complemento dos ciclos plurilingües e das seccións bilingües, e utilizando os proxectos eTwinning como soporte da xestión.

Os obxectivos xerais das prácticas no estranxeiro (FCT ou prácticas extracurriculares) dentro de Erasmus+ KA1 son:

- Mellorar cualitativamente e aumentar cuantitativamente a mobilidade en Europa das persoas en Formación Profesional, tanto a de grao medio como a de grao superior.
- Mellorar cualitativamente e aumentar cuantitativamente a cooperación entre centros e organizacións que brinden oportunidades de aprendizaxe, empresas, interlocutores sociais e outros organismos pertinentes de toda Europa.

Obxectivos concretos da participación do alumnado nestes programas:

- Mellorar a competencia en linguas estranxeiras.
- Máis oportunidades de atopar emprego, tanto en España como no estranxeiro.
- Apoiar a innovación, a cooperación e as reformas.
- Adquirir un sentimento de pertenza á Unión Europea.
- Aumentar o atractivo dos ciclos de FP impartidos no centro.

O alumnado pode disfrutar de bolsa Erasmus+ para realizar prácticas no estranxeiro en tres modalidades, que se indican por orde de preferencia na asignación:

- Prácticas curriculares correspondente á Formación en Centros de Traballo.
- Prácticas extracurriculares, principalmente no verán.
- Prácticas de recién titulado, que se poden realizar durante o primeiro ano unha vez finalizados os estudos.

O alumnado de ciclo medio tamén disfruta de bolsas Erasmus+ para estudos.

4.1.- Número de mobilidades

Nos programas Erasmus+ 2018 realizáronse as seguintes mobilidades:

- Programa KA116: 27 mobilidades, 1 de profesorado e 26 de alumnado: 5 de estudos, 3 prácticas de recién titulado, 12 prácticas extracurriculares e 6 de Formación en Centros de Trabajo (curricular).
- Programa KA103: 17 mobilidades, 2 de profesorado e 15 de estudantes: 2 de recién titulado, 5 de recién titulado e 8 de FCT.

O número de mobilidades que se solicitarán nos novos Erasmus+ KA116 e KA103 variará en función da demanda existente.

4.2.- Selección dos participantes

4.2.1.- Prazos de solicitude da bolsa

- Durante o mes de outubro para o alumnado de segundos de réxime ordinario, que realizarán a Formación en Centros de Trabajo durante o curso actual, no período de abril a xuño.
- Durante o mes de outubro para o profesorado interesado en realizar un “Job Shadowing”.
- Durante o mes de xaneiro para o alumnado de primeiro interesado en realizar prácticas extracurriculares no verán.
- Durante o mes de xaneiro para o alumnado de réxime modular e a distancia, que realizarán a Formación en Centros de Trabajo no período de outubro a decembro.
- En caso de que queden bolsas vacantes poderanse solicitar en calquera momento.

4.2.2.- Asignación das bolsas

No mes de novembro asignaranse as bolsas correspondentes ás solicitudes do mes de outubro, aplicando os criterios descritos máis adiante.

Durante o mes de febreiro asignaranse as bolsas correspondentes ás solicitudes do mes de xaneiro, aplicando os criterios descritos máis adiante.

En caso de que queden bolsas vacantes poderanse asignar en calquera momento, por orde de solicitude.

4.2.3.- Criterios de selección de alumnado

No caso do alumnado que curse estudos nos que se ofrezan clases de lingua estranxeira complementarias será obrigatorio a asistencia ás mesmas para poder disfrutar dunha bolsa Erasmus+, incluso se a lingua ofertada non coincide coa lingua do país de destino da mobilidade. Non terá a obriga de asistir a estas clases o alumnado que teña certificado oficialmente un nivel B2 ou superior na lingua estranxeira (B1 no caso do portugués).

Prioridades para a asignación de bolsas Erasmus+:

1. Alumnado que realice a FCT.
2. Prácticas extra curriculares.
3. Prácticas de recién titulado.

Se houberse varias solicitudes para o mesmo tipo de mobilidade, ten prioridade quen non teña disfrutado anteriormente dunha bolsa Erasmus+ para ese tipo de mobilidade.

Se, tras aplicar os criterios anteriores, fose necesario realizar selección, asignarase unha puntuación máxima de 10 a cada participante en base ó seguinte:

1. Expediente académico: 4 puntos.
2. Coñecemento do idioma: 2 puntos.
3. Asistencia ás actividades de preparación: 2 puntos.
4. Valoración do equipo educativo (actitude, motivación, expectativas, traballo en equipo): 2 puntos.

4.2.4.- Criterios de selección de persoal:

Realizarase a selección en base ós seguintes criterios:

1. Colaboración en proxectos europeos.
2. Non ter participado anteriormente nun *job shadowing*.
3. Calidade do borrador do programa de mobilidade presentado pola persoa solicitantel tras consultar coa institución, empresa ou organización de acollida.

4.3.- Exclusión

O alumnado con mala actitude ou que manifeste discrepancias coa filosofía de internacionalización do centro, non poderá realizar prácticas no estranxeiro. A decisión pode ser tomada polo equipo docente en xunta de avaliación.

4.4.- Preparación lingüística

4.4.1.- Estadías en Portugal

Os ciclos SMR e ASIR en réxime ordinario usan o portugués como lingua vehicular.

Promovemos que o alumnado destes e doutros ciclos formativos asista a clases de portugués fóra do seu horario lectivo. O centro proporciona os medios necesarios para a realización desta actividade, que permite ofrecer formación específica para as/os participantes, en grupo reducido, simulando situacións reais que se van producir en destino como, por exemplo, unha entrevista de traballo.

Nalgúns casos, é posible que en destino se poidan organizar cursos e actividades culturais, pero isto depende de moitos factores como o orzamento, a dispoñibilidade do socio intermediario, etc.

4.4.2.- Estadías noutros países

De cara á realización de mobilidades noutros países europeos, principalmente Irlanda e Reino Unido, é importante o coñecemento da lingua inglesa.

O alumnado procedente do Bacharelato e da ESO que se imparten actualmente ten un nivel de coñecemento aceptable desta lingua.

Nos ciclos DAM e DAW en réxime ordinario e DAW dual, impártense clases de inglés semanais fóra do horario lectivo.

Todo o alumnado de ciclos formativos do IES San Clemente que estea interesado ten a oportunidade de asistir a clases de inglés e tamén de francés.

4.5.- Titorías do alumnado

Durante a estadía do alumnado no estranxeiro realízase un seguimento continuo por parte do profesorado coordinador da mobilidade, titores dos socios de envío, de acollida (empresas) e intermediarios.

Realízase unha entrevista entre os titores e os participantes cada dúas ou tres semanas. O titor rexistrará o seguimento do alumno no proxecto eTwinning correspondente.

O alumnado publicará periodicamente un artigo no blogue no que describirá a súa experiencia.

Medios para realizar o seguimento: email, videoconferencia, teléfono, TwinSpace e blog.

4.6.- Mobilidades do persoal

O centro favorece as mobilidades de docentes dentro do marco de Erasmus+, en forma de prácticas ou aprendizaxe por observación, no estranxeiro nunha empresa ou nunha institución académica.

Algunhas vantaxes da realización destas mobilidades son:

- Reforzar a colaboración con institucións académicas e empresas doutros países.
- Actualizar os coñecementos técnicos das materias impartidas.
- Aprendizaxe doutras didácticas e outros enfoques do proceso de ensino-aprendizaxe implementados en diferentes institucións académicas.
- Acercar a institución académica ó sector produtivo, adaptando os contidos das materias ós requerimentos do mercado laboral.
- Aumentar o sentimento de cidadanía europea.

O centro proporciona flexibilidade horaria, asesoramento administrativo e académico, axuda na preparación lingüística, etc. para que os participantes rendibilicen a súa mobilidade.

4.7.- Difusión

Nos meses de outubro e xaneiro infórmase a todo o alumnado do centro acerca dos beneficios do programa Erasmus+ e o procedemento a seguir para participar no mesmo.

No mes de outubro realízase unha charla informativa coa colaboración de alumnado participante en edicións anteriores.

Publicación de toda a información relativa ao programa na [web do IES San Clemente](#).

Publicación das experiencias dos participantes no blogue [AtlánticoVET](#).

Publicación en redes sociais nas que o IES San Clemente está presente: [Twitter](#), [Facebook](#) e [Instagram](#).

Publicación de novas relativas ás actividades de internacionalización do centro en xornais.

5.- Recoñecemento de competencias

Un obxectivo do presente plan é mellorar a transparencia e o recoñecemento de cualificacións e competencias, incluídas as adquiridas mediante o ensino non formal ou non formal.

O alumnado que estudou seccións bilingües ou ciclos plurilingües, así como o alumnado que participou no programa Erasmus+, recibirá ó finalizar os seus estudos a seguinte documentación adicional á titulación oficial.

5.1.- Certificado específico

Certificado expedido polo instituto, no que consta:

- Participacións no programa Erasmus+.
- Participacións nos proxectos europeos eTwinning.
- Cursos de lingua estranxeira realizados.

5.2.- Anexo ao título Europass

Certificado anexo ao título oficial, segundo formato normalizado “Europass”, no que constarán:

- Certificación académica en castelán e inglés, na que se detalla o número de horas e a cualificación en cada unha das materias cursadas, así como a nota media da titulación.
- Módulos cursados en lingua estranxeira.
- Prácticas no estranxeiro vía Erasmus+.

5.3.- Certificación Europass Mobility

Recíbea o alumnado que participou no programa Erasmus+.

5.4.- Utilización de documentos Europass

Foméntase a utilización de todos os documentos Europass:

- Curriculum Vitae Europass: para todo o alumnado.
- Pasaporte de linguas Europass: para todo o alumnado.
- Documento de mobilidade Europass: para o alumnado e profesorado que realiza mobilidades Erasmus+, certificado polos socios de acollemento e envío.
- Suplemento Europass ao título: para todo o alumnado.
- Anexo do Suplemento Europass ao título: para os que realizan a FCT no estranxeiro e para o resto do alumnado que o solicite.

6.- Colaboración con outros centros europeos

As consecutivas edicións deste proxecto, á vez que axudar a mellorar as competencias lingüísticas e técnicas do alumnado e profesorado, permiten a creación de vínculos entre as organizacións asociadas favorecendo a mobilidade do alumnado de formación profesional na súa posterior vida laboral e a mellora da práctica docente.

Gracias á asociación co colexio INETE de Lisboa, enviamos e recibimos alumnos en mobilidades para prácticas en empresas (un centro é intermediario do outro) e realizamos experiencias de *job shadowing* en ambos centros, fortalecendo a asociación para continuar e mellorar os proxectos europeos comúns (eTwinning, mobilidades de alumnos para formación e prácticas en empresas), coñecendo os sistemas educativos de ámbolos dous países, as características dos currículos e o sistema de créditos ECVET.

Na mesma liña, temos varios socios homólogos noutras localidades e pretendemos ampliar a nosa rede a través da plataforma eTwinning:

- KBS en Nordhorn, Alemania.
- ETAP en Viana do Castelo, Portugal.
- AE Carlos Amarante de Braga, Portugal.
- ICT Piemonte en Turín, Italia.
- Lycée Louis Blériot en Trappes, Francia.
- Tile Cross Academy, Birmingham, Reino Unido.
- Colaiste Dhulaigh College of Further Education en Dublín, Irlanda.

O presente plan contempla a colaboración do IES San Clemente con outros centros educativos europeos:

- O centro ofrécese como socio intermediario de proxectos de mobilidade, para organizar as prácticas do alumnado estranxeiro, buscar empresas, definir plans de traballo adecuados para a súa formación, cursos de inmersión lingüística e cultural, etc. Para iso, nomeará unha persoa responsable das tarefas de xestión, supervisión e monitorización das mobilidades.
- O centro ofrécese como socio de acollemento, para que alumnado doutros países poida cursar estudos ou realizar prácticas no IES San Clemente. Para iso nomeará unha persoa responsable da xestión, seguimento, apoio, preparación lingüística, etc. do alumnado entrante.
- O centro ofrécese como socio doutros proxectos Erasmus+ e eTwinning.

Dáselle especial importancia á transferencia de coñecementos e de innovación entre os centros de ensino participantes e o uso das TIC na realización dos proxectos.

O IES San Clemente comprométese a recoñecer a participación nos proxectos mediante certificados e a colaborar na difusión dos resultados na web do centro, prensa local e dixital, e cartas a organismos.

- 7.- Inclusión e diversidade
- A diversidade refírese a diferencias de todo tipo. Algúns tipos de diversidade son máis obvios ca outros, como a etnia, a relixión, a cultura ou a lingua. Pero a diversidade é moito máis. Tamén se refire ás distintas (dis)capacidades, niveis educativos, entornos sociais, situacións económicas, estados de saúde, o lugar de procedencia da persoa, etc.
- O IES San Clemente, por tratarse dun centro público, gratuíto e que ofrece formación a distancia en tódolos niveis que se imparten, favorece que poida cursar estudos nel todo tipo de alumnado, independentemente do contexto socio-económico e circunstancias persoais: responsabilidades familiares, traballadores en activo, discapacidades, etc.
- A política do centro é favorecer a integración e proporcionar igualdade de oportunidades para todos.

8.- Igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero

O centro educativo IES San Clemente asume o seu compromiso coa igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

Aposta pola inclusión e respecto á diversidade fomentando todas aquelas accións formativas destinadas á eliminación de barreiras e prexuízos. Poñendo especial énfase na igualdade de xénero.

A equidade e a inclusión como principios reitores nas accións organizativas e na concreción curricular do centro.

A defensa pola igualdade de oportunidades e equidade vai ligada á posta en funcionamento de obxectivos e liñas de actuación que fomenten a desaparición dos prexuízos entre homes e mulleres no noso centro educativo.

9.- Actualizacións do plan

As futuras actualizacións do Plan de Modernización e Internacionalización do Centro, publicaranse en www.iessanclemente.net/programas-europeos

Se houber algunha diferenza entre o presente documento e a información publicada na web do centro, prevalecerá esta última.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2020

Asinan o documento en representación do claustro de docentes:

Carmen Viñas Álvarez	Dirección do centro
Emiliano Gómez Vázquez	Xefe do departamento de Informática
Raquel Rodríguez Blanco	Xefa do departamento de Inglés
Lourenzo Álvarez Ruiz	Xefe do departamento de Lingua e Literatura Galega
Emilia Lamelas Fariña	Xefa do departamento de Orientación
Javier Porto Bouzas	Coordinación da FCT
Marcos Vence Ruibal	Coordinación de proxectos europeos KA116 e EDLG
Eva Pereira Loira	Coordinación de proxectos europeos KA103